

# CONCERTOS

TEMPADA 2018/19

---

SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

---



# CONCERTOS

TEMPADA 2018/19

---

SOCIEDAD FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

---



## **E van tres**

Lembro ben cando José Luis Sanz e outros entusiastas da música coma el se achegaron á Casa Consistorial para expoñer o seu soño: volver a enganchar aos vilagarcíans á música clásica, como xa sucedera hai moitas décadas. Nós non tivemos a máis mínima dúbida do éxito que tería aquela iniciativa e por iso apoiámola dende o primeiro momento. Agora ben, tamén creo que nin os pioneiros da sociedade filharmónica nin nós mesmos pensamos naquel momento que o crecemento dos apoios sería exponencial en apenas tres anos. A proba está no aumento significativo dos socios pero tamén no éxito sen precedentes que supuxo a irrupción do festival internacional de música Clas-Clas. A combinación Concello-Conservatorio-Sociedade Filharmónica está dando os seus froitos e, dende logo, é sorprendente pero tamén moi estimulante ver como auditorios, salas, igrexas e pazos son capaces de encherse de público disposto a gozar da música clásica..

En Vilagarcía apostamos por unha oferta cultural e de ocio diferente. A programación que agora nos propón a Sociedade Filharmónica encaixa nesa estratexia. Por iso, a miña felicitación aos seus xestores polo traballo feito, o meu agradecemento a todos os artistas que nos vindeiros meses pasarán polos escenarios vilagarcíans, e a miña recomendación a todo o público, socio ou non da Filharmónica, a que se deixe levar polos sons de violíns, cellos e pianos.

*Sonia Outón  
Concelleira de Cultura*

## **Déixense sorprenden**

Parece que foi onte cando se iniciou a primeira programación da SFV e xa imos pola terceira edición deste ciclo de concertos, cuxo principal obxectivo é o de achegar a música clásica á sociedade.

Antes de continuar debo agradecer a D. José Luis Sanz, presidente da SFV, a oportunidade de poder compartir con vostedes este saúdo, e por suposto, manifestarlles o agradecemento por formar parte desta Sociedade, xa que grazas o todos vostedes, á súa fidelidade e entusiasmo, podemos seguir adiante coa programación deste ciclo de concertos.

Na presente tempada 2018/2019, haberá propostas musicais de excelente nivel que se desenvolverán no Auditorio de Vilagarcía de Arousa. Esta edición comeza o día 31 de outubro e remata o 24 de maio, cun cartel que combina solistas e grupos de cámara internacionais con xoves talentos galegos coma a oboista Iria Folgado. Agradecer ao Concello de Vilagarcía de Arousa o apoio ao ciclo de concertos desta tempada e á súa implicación no desenvolvemento do Festival Clasclas, no que a nosa sociedade é un activo colaborador.

Prezados socios, para rematar só pido que se deixen sorprenden polos contidos desta nova edición de música instrumental e vocal, permitan que emanen todo tipo de emocións, a catarse platónica, alegría, tristura, esperanza e sorpresa.

Moitas grazas.

*José Ignacio Castro Lozano  
Vicepresidente da SFV*



MÉRCORES

31 de outubro  
de 2018

## Recital de piano

**DENIS KOZHUKHIN [piano]**

**MENDELSSOHN BARTHOLDY, Felix: Lieder ohne Worte**

- op. 19 N. 1 Andante con moto*
- op. 19 N. 2 Andante espressivo*
- op. 19 N. 3 Molto allegro e vivace*
- op. 19 N. 5 Poco agitato*
- op. 30 N. 2 Allegro di molto*
- op. 30 N. 6 Venetianisches Gondellied, allegretto tranquillo*
- op. 38 N. 2 Allegro non troppo*
- op. 38 N. 6 Duetto, andante con moto*
- op. 62 N. 3 Andante maestoso*
- op. 67 N. 2 Allegro leggiero*
- op. 67 N. 4 Presto*

[Descanso]

**MGRIEG, Edvard: Lyriske stykker - Pezas líricas**

- Arietta . op. 12 N. 1*
- Vals . op. 12 N.2*
- Alfedans (Danza dos Elfos). op. 12 N. 4*
- Halling (Danza). op. 38 N. 4*
- Elegi (Elegía). op. 38 N. 6*
- Sommerfugl (A bolboreta). op. 43 N. 1*
- Liten fugl (O paxariño). op. 43 N. 4*
- Hasta våren (Á primavera) Op. 43 N.6*
- Elegi (Elexía) . Op. 47 N. 7*
- Trolltog (Marcha dos ananos). op. 54 N.3*
- Notturmo. op. 54 N. 4*
- Scherzo . op. 54 N. 5*
- Bekken (Arroio) . op. 62 N. 4*
- Bryllupsdag på Trolldhaugen (Día de voda en Trolldhaugen). op. 65 N. 6*

**GERSHWIN, George: Rhapsody in blue  
(version para piano só)**





# 2

SÁBADO  
1 de decembro  
de 2018

Trío con piano

### **TRÍO ISIMSIZ**

[Pablo Hernán Benedí, violín; Michael Petrov,  
violonchelo; Erdem Misirlioglu, piano]

### **BEETHOVEN, Ludwig van. : Piano Trio op 70 nº 2**

*Poco sostenuto – Allegro, ma non troppo.  
Allegretto.  
Allegretto ma non troppo.  
Finale. Allegro.*

### **BRAHMS, Johannes: Piano Trio en do maior Op 87 nº 2**

*Allegro moderato.  
Andante con moto.  
Scherzo: Presto - Trío: Poco meno presto.  
Finale: Allegro giocoso.*

# 3

SÁBADO  
26 de xaneiro  
de 2019

Gala Lírca

**LEONOR BONILLA** [soprano]  
**CARLOS ARAGÓN** [piano]

**Arias de zarzuela e ópera**





SÁBADO

9 de febreiro

de 2019

Dúo de violín e violonchelo

**ORI WISSNER-LEVY** [violín]

**MON PUO LEE** [violonchelo]

**BACH, Johann Sebastian: Suite para violonchelo n.º 1  
en sol maior, BWV 1007**

*Preludio*

*Allemande*

*Courante*

*Sarabande*

*Giga*

**BACH, Johann Sebastian: Chacona da Partita n.º 2  
para violín en re menor BWV 1004**

**KODALY, Zoltan: Dúo para violín e violonchelo, op.7**

*Allegro serio, non troppo*

*Adagio – Andante*

*Maestoso e largamente, ma non troppo lento – Presto*

VENRES

15 de marzo

de 2019

Dúo de fruta e piano

**VICENÇ PRATS** [fruta]

**JORDI TORRENT** [piano]

**SCHUBERT, Franz: Variacións “Trockne Blumen” D 802**

**WIDOR, Charles-Marie: Suite florentina para fruta e  
piano**

**DEBUSSY, Claude: Syrinx para fruta soa.**

**POULENC, Francis: Sonata para fruta e piano**

*Allegretto malincolico*

*Cantilena: Assez lent*

*Presto giocoso*

**BORNE, François: Fantasie brillante sur “Carmen”**





# 6

SÁBADO

27 de abril

de 2019

Trío de óboe, clarinete e piano

**IRIA FOLGADO [óboe] DANA BARAK [clarinete]  
DARIA KAMENEVA [piano]**

**POULENC, Francis: Sonata para óboe e piano**

*Elégie (Paisiblement, Sans Presser)*

*Scherzo (Très animé)*

*Déploration (Très calme)*

**DEBUSSY, Claude: Four Preludes**

*La puerta del vino*

*La fille aux cheveux de lin*

*Feux d'artifice*

*Les collines d'Anacapri*

**SAINT-SAËNS, Camille: Sonata para clarinete e piano op 167**

*Allegretto*

*Allegro animato*

*Lento - Molto allegro*

**KLOSÉ, Hyacinthe: Fantasia su 'La Sonnambula' di V.  
Bellini, Op. 20 para óboe, clarinete e piano.**

# 7

VENRES

24 de maio

de 2019

Dúo de violín e piano

**YE EUN CHOI [violín]**

**SUSANA GÓMEZ [piano]**

**BRAHMS, Johannes: Violin Sonata nº 1 en Sol Maior,  
op.78**

*Vivace ma non troppo*

*Adagio — Più andante — Adagio*


*Allegro molto moderato*

**RESPIGHI, Ottorino: Sonata para violín en si menor P  
110**

*Moderato*

*Andante espressivo*

*Passacaglia. Allegro moderato ma energico*





## OUTRAS ACTIVIDADES

### CHARLA/COLOQUIO: O TRÍO CON PIANO

- ▶ **Pablo Hernán**, violinista do Trio Isimsiz
- ▶ **Sábado 1 de Decembro** de 2018 [20 horas]
- ▶ Sala Principal do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa

### OS NOSOS YAP: ORI WISSNER-LEVY E MON PUO LEE

Dous dos máis novos destacados Xoves Artistas do Festival **clascias** están de volta en Vilagarcía para ofrecer un recital na nosa tempada de concertos.

Conversaremos con eles para que nos conten as súas experiencias, proxectos e que lembranzas gardan do seu paso estival pola nosa cidade.

- ▶ **Sábado 9 de Febreiro** de 2019 [20 horas]
- ▶ Sala Principal do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa

### COÑECENDO A VICENÇ PRATS

Charla informal co frautista Vicenç Prats, un dos máis destacados frautistas internacionais e membro da Orquestra de París, o que nos contará as súas experiencias traballando con grandes directores coma Baremoboim, Gergiev, Ozawa, Bruggen, Haitink...

- ▶ **Venres 15 de Marzo** de 2019 [20 horas]
- ▶ Sala Principal do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa

### MASTERCLASSES INSTRUMENTAIS

Impartidas polos diversos solistas que interveñen na tempada e organizadas en cooperación co Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa, estas sesións formativas son unha excelente oportunidade para que os nosos novos músicos aprendan e desenvolvan o seu talento musical.

- ▶ Datas e horarios a determinar
- ▶ Instalacións do Conservatorio no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa



## ARTISTAS



### **DENIS KOZHUKHIN** PIANO

Gañador do Primeiro Premio do Concurso Raíña Elisabeth de Bruxelas, en 2010, con 23 anos, é considerado un dos mellores pianistas da súa xeración.

Naceu en Nizhni Novgorod, Rusia, comezou os seus estudos de piano aos cinco anos, coa súa nai. Máis tarde, ingresou na Escola de Música Balakirev, onde foi alumno de Natalia Fish. De 2000 a 2007, estudou na Escola de Música Raíña Sofía de Madrid, con Dmitri Bashkírov e Claudio Martínez-Mehner.

Completou a súa formación na Academia de Piano do Lago Como, con Fou Ts'ong, Stanislav Yudenitch, Peter Frankl, Boris Berman, Charles Rosen e Andreas Staier e, con Kirill Gerstein, en Stuttgart.

Durante os últimos anos, o seu mentor foi Daniel Barenboim.

Colabora frecuentemente con moitas das principais orquestras internacionais, como son: Royal Concertgebouw Orchestra, London Symphony, Staatskapelle Berlin, Chicago Symphony, London Philharmonic, Philharmonia, Philadelphia Orchestra, San Francisco Symphony, Mahler Chamber Orchestra, HR-Sinfonieorchester, NDR Radiophilharmonie, Wiener Symphoniker, Orchestre National de France, Mariinsky Orchestra, Filharmónica de San Petersburgo, Filharmónica Checa, Real Filharmónica de Estocolmo, Filharmónica de Oslo, Orchestre da Suisse Romande e NHK Symphony, así como con famosos directores, tales como Barenboim, Rattle, Gergiev, Jurowski, Noseda, P. Järvi, Ashkenazy, van Zweden, Dausgaard, Deneve, Hruša, V. Petrenko, K. Järvi, Krivine, Martín, Orozco-Estrada, Zhang, Payare, Runnicles, Sinaisky e Temirkanov.

Na presente tempada 2018/19 destacan o seu debut nos BBC Proms e os traballos con orquestras como a National Symphony Orchestra, a Royal Philharmonic, a London Symphony,

Philharmonia, a St. Petersburg Philharmonic, a Orchestra National du Capitole de Toulouse, a Bournemouth Symphony e a Royal Liverpool Philharmonic, entre outras.

Realizará unha xira por Europa coa Orquestra de Cadaqués e Ashkenazy e unha residencia no Festival Schloss Elmau-Verbier.

O seu debut discográfico, para o selo Pentatone, co Concerto para piano de Grieg e o Concerto para piano núm. 1 de Tchaikovski, foi moi eloxiado pola crítica e recibiu os premios "Editor's Choice" de Gramophone e "Disc of the month" de Fono Forum e Stereophone. O seu disco máis recente foi editado en abril de 2018.

## TRIO ISIMSIZ

PABLO HERNÁN BENEDÍ, VIOLÍN  
MICHAEL PETROV, VIOLONCHELO  
E ERDEM MISIRLIOGLU, PIANO

Formado en 2009 na escola Guildhall de Music & Drama, o trío Isimsiz gañou, en 2015, o 1º premio e o premio do público no concurso Trondheim Competition e, en 2017, o 2º premio do concurso internacional Haydn, en Viena.

O trío foi seleccionado para participar no Young Classical Artists Trust (YCAT) entre 2013 e 2018. En febreiro de 2018 gaña a bolsa Borletti-Buitoni.

O trío Isimsiz actuou en moitas salas europeas, destacando os recitais Stavanger, Mecklenburg-Vorpommern, Peasmarsh e Gower Festivals (Radio 3 da BBC), a sala de concertos Tivoli, a Snape Matings, a Fundación Juan March en Madrid e Marianischer-Saal en Lucerna. Tamén actuou en salas de China e Arxentina.

En novembro de 2017, o trío grava o seu primeiro CD, editado por Rubicon.



Os compromisos desta tempada inclúen un programa de Beethoven no Théâtre des Abbesses en París, un concerto no Köln Philharmonie, un conceto no Festival de Música de Cámara de Trondheim e recitais en Wigmore Hall, Brighton Dome e Saffron Hall.

Durante os seus estudos, o trío realizou residencias no centro Banff de Canadá, no Jeunesse Musicales Chamber Music de Alemania e no Mozarteum de Salzburgo.

Como trío participou en masterclasses con Andrés Schiff, Steven Isserlis, Menahem Pressler, Thomas Riebl, Wolfgang Reddick, no Gould Piano Trio, Belcea e Takács Quartet.

**Pablo Hernán Benedí** (violín) naceu en 1991 en Madrid.

Estudou no Conservatorio Padre Antonio Soler en San Lorenzo del Escorial e na Guildhall School of Music and Drama con David Takeno.

En 2010 Pablo foi membro do Chiaroscuro Quartet, formado por Alina Ibragimova, Emilie Hornlund e Claire Thirion. Con este cuarteto realizou unha gravación que foi editada en 2011, con moi boas críticas.

**Michel Petrov** (violonchelo) naceu en 1990 en Bulgaria.

Estudou na Yehudi Menuhin School e na Guildhall School of Music and Drama con Louise Hopkins, gañando a medalla de ouro en 2014.

Participa na Royal Philharmonic, na Bournemouth Symphony e na English Chamber Orchestra.

Como finalista da ECHO Rising Stars, deu recitais nas principais salas de concertos de toda Europa.

**Erdem Misirlioglu** (piano) naceu en 1989 en Suffolk (Inglaterra).

Estudou na Junior Guildhall School of Music and Drama con Mark Fielding e desde 2008 con Martin Roscoe e Ronan O'Hora na Guildhall School of Music and Drama.

En 2008 foi finalista no concurso da BBC Young Musicians, interpretando a Rapsodia de Rachamaninov sobre un tema de Paganini coa Orquestra Nacional da BBC de Gales.

Recentemente gañou o 1º premio da Beethoven Piano Society do concurso de piano Europe's Intercollegiate.



## LEONOR BONILLA

### SOPRANO

A nova soprano sevillana, Leonor Bonilla, comeza os seus estudos como bailarina no Conservatorio de Danza de Sevilla, titulándose en Danza Española.

En 2010 inicia os seus estudos de Canto no Conservatorio Profesional de Sevilla Cristóbal de Morales con Esperanza Melguizo.

Ao longo destes anos recibiu moitos premios, entre os que destacan: 1º Premio e Premio Especial do Público no Certame de Novas Voces Cidade de Sevilla, 3º Premio do Concurso Inter-

nacional “Flaviano Labò” en Piacenza, Premio do Público no Concurso Monserrat Caballé, 1º premio na IIIª edición do Concurso Internacional de Ópera Santa Cruz de Tenerife, 1º Premio no Concurso Internacional de Canto “Cidade de Logroño” e 3º Premio e Premio do Público no VI Concurso Internacional de Canto “Alfredo Kraus”. No Concurso Internacional de Canto de Viñas de 2018 foi galardoada co 2º premio, Premio Plácido Domingo á mellor cantante española, Premio Teatro da Zarzuela á mellor cantante de zarzuela, Premio Especial do Teatro Real de Madrid, Premio do Público, Premio Ópera de Sabadell e Premio Concerlífica.

Participou na ópera Salomón de Haendel, na *Missa Brevis* de Haydn, no *Gloria* de Vivaldi e tamén nos *Carmina Burana* (Teatro da Maestranza).

Interpretou os roles de Asia en *Agua, Azucarillos y Aguardiente* de Federico Chueca e de Cosette en *Bohemios* de Amadeo Vives no Teatro Cajasol de Sevilla.

En 2014 debuta co rol de Servilia da *Clemenza di Tito* de Mozart en Valladolid, representa con éxito Clorinda da *Cenerentola* de Rossini e Musetta da *Bohème* de Puccini en Tenerife, Iza da *Gran Duquesa de Gerolstein* de Offenbach no

Teatro da Zarzuela e Rowan de *Il Piccolo Spazzacamino* de Britten no Teatro da Maestranza.

Débase destacar o seu rotundo éxito con *Marina* de Emilio Arrieta no Teatro da Zarzuela, a súa interpretación da Contessa de Folleville en *Il Viaggio a Reims* de Rossini no Gran Teatre do Liceu, así como a súa participación na Gala celebrada no Teatro Real.

En 2016 debuta en Italia co personaxe de Fiorilla de *Il Turco* de Rossini visitando os auditorios de Piacenza, Ravenna e Modena; Francesca en Francesca da Rimini de Zandonai e Giulietta de *Giulietta et Romeo* dei Vaccai no Festival della Val d'Itria; así como Nanetta de *Falstaff* e Gilda de *Rigoletto* de Verdi en Genova.

Así mesmo débese mencionar a súa recente participación en *Le Nozze di Teti* e di Peleo de Rossini no Festival Rossini en Wildbad, Alemania

## CARLOS ARAGÓN

### PIANO

Pianista e mestre repertorista, compaxina esta actividade coa dirección de orquestras como a Filharmónica de Málaga, Comunidade de Ma-

drid, Orquestra Cidade de Córdoba, Sinfónica de Baleares, Sinfónica de Vizcaya, Sinfónica de Navarra, Orquestra de Cámara de Moscú, Orquestra de Cámara do Teatro Bolshoi e a Collegium Marianum de Praga en diferentes producións operísticas, recitais e concertos.

É acompañante habitual de cantantes como a mezzosoprano Vivica Genaux coa que realizou numerosos concertos como pianista e director no Teatro Malibrán (Venecia), Chapelle du Château Royal (Versailles), Festival de Verano de Copenhagen, Ópera de Pittsburgh, Sala Tchaikovski e Teatro Bolshoi de Moscú, entre outros.



Dirixe a estrea absoluta en España da ópera Tolomeo de Handel no Teatro Arriaga de Bilbao, *Cleofide* de Hasse en Oderzo (Treviso), *L'italiana in Algeri* no Gran Teatro de Córdoba, O Diluvio de Noé, *A Cenerentola*, *A Traviata*, *Rigoletto*, *Lucia di Lammermoor*, *Tosca e Norma* no Teatro Villamarta de Jerez, *A princesa árabe* de Arriaga na tempada da Asociación de amigos da ópera de Bilbao e Pamplona, e *A clemenza di Tito e Carmen* no Teatro Calderón de Valladolid.

Dos seus últimos compromisos, destaca moi especialmente o seu debut na Ópera de Aviñón dirixindo *Le nozze di Figaro*, o seu regreso ao Teatro da Zarzuela con 24 horas mintiendo e de novo en Xerez, a estrea da produción de *Orfeo e Euridice*, dirixida por Rafael Villalobos.

Dentro do repertorio lírico español dirixe La corte de Faraón no teatro Arriaga, *El trust de los tenorios* e *Puñao de rosas* na Zarzuela de Madrid e Doña Francisquita en Palma de Mallorca.

Proximamente dirixira a ópera *Partenope* no Teatro Calderón de Valladolid.



## ORY WISSNER-LEVY VIOLÍN

Receptor do “Diploma d’Onore” 2014 da Accademia Chigiana en Siena, Italia, Ori Wissner-Levy é un dos mozos violinistas máis prometedores de Israel.

Actualmente é membro da Karajan Academy of the Berlin Philharmonic Orchestra.

Naceu en Nova York en 1990, comezou a tocar o violín aos 5 anos. Foi alumno da Escola de Música de Manhattan, onde estudou con Patinka Kopec, con Ludmila Feldman da Academia de Música Buchmann Mehta e con Kolja Blacher na Hochschule für Musik “Hanns Eisler” en Berlín.

Actualmente estuda con Mihaela Martin da Barenboim Said Akademie, con Christophe Horak da Orquestra Filharmónica de Berlín e é alumno da Keshet Eilon Violin Mastercourse.

Ori actuou como solista coa Orquestra Sinfónica Buchmann Mehta, coa Orquestra Sinfónica de Israel, coa Orquestra do Kibbutz Israel Netanya, coa Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia e coa Orquestra de Padova e do Veneto.

Foi galardoado cos premios da Fundación Cultural América-Israel desde 1999. En 2012, Ori presentouse como solista, xunto a Julian Rachlin, na Sinfonía Concertante de Mozart. Ori gañou primeiros premios, entre os que se destaca o Concurso de violín Lions-Israel, o Concurso de música de cámara da BMSM, o Concurso Paul Ben-Haim e o Concurso Clairmont.

Este ano pasado, realizou o Concerto de Mendelssohn de xira por China e ofreceu recitais como solista en Italia.

Ori tamén participou nos festivais de música de cámara de Salzburgo, de Schleswig Holstein, de Kfar Blum, de Gotland, de Schirmonnikoog e de Xerusalén.

Ori toca cun violín Jean Baptiste Vuillaume, xenerosamente prestado por Yehuda Zisapel.



## MON-PUO LEE VIOLONCHELO

Mon-Puo naceu en Madrid en decembro de 1993 nunha familia artística taiwanesa e pronto comezou a tocar o violonchelo. Estudou na Escola Superior de Música Raiña Sofía coa profesora Natalia Shakhovskaya e co profesor Ivan Monighetti.

Actualmente Mon-Puo estuda co profesor Jens Peter Maintz na Universität der Künste en Berlín.

Como violonchelista obtivo o Primeiro Premio no VII Concurso Internacional Karl Davydov, o primeiro premio no Concurso Brahms, o primeiro

premio no Concurso Internacional Pedro Bote, o primeiro premio e o premio especial no concurso internacional de violoncelo de Llanes (Asturias).

Foi galardoado co segundo premio no concurso internacional de violonchelo de Isang Yun en Tongyeong (Corea do Sur) en 2015. En abril de 2016 foi galardoado co primeiro premio no concurso internacional de música de cámara Bacewicz xunto ao pianista Han Wen Yu. Máis tarde, ese mesmo ano gañou o Concurso da Filharmónica de Berlín, así como o terceiro premio no Concurso do Festival George Enescu en Bucarest (Rumania). En 2017, gañou o 29º Premio de Arte da Fundación Chi-Mei en Taiwan.

Como solista, Mon-Puo colaborou con varias orquestras como a Berliner Symphoniker, a Orquestra Filharmónica George Enescu, a Orquestra Sinfónica de Asturias, a Orquestra Sinfónica de Extremadura, a Orquestra de Cámara de Andrés Segovia, a Orquestra do Festival Tonyeong, a Orquestra Clásica Santa Cecilia, a Liepaja Amber Sound Symphony Orchestra, a Orquestra do Real Conservatorio Superior de Madrid e a Orquestra Ciudad de Tres Cantos.

Actuou en importantes salas de concertos, como a Filharmónica e a Konzerthaus en Berlin, a Concertgebouw en Amsterdam, a Athenäum en Bucarest, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, o Gasteig München, a Laeiszhalle Hamburg

e o Tong Yeong Concert Hall.

Durante esta tempada, poderase escoitar en Berlín, Taiwan, Macao, Varsovia, Lódz, París, Londres e Chicago.

Mon-Puo Lee toca un violonchelo prestado pola fundación Beares de Londres.

## **VICENÇ PRATS** FRAUTA

Vicenç Prats reside en París e é primero frauta Solista da prestixiosa Orquestra de París desde 1991, o que lle permitiu colaborar con directo-



res como Georg Solti, C.M. Giulini, Pierre Boulez, Lorin Mazel, James Conlon (con quen interpretou o concerto de J. Ibert na sala Sala Pleyel), Kurt Sanderling, Wolfgang Sawallisch, Daniel Barenboim, Gergiev, Maris Jansons, Haitink, Franz Brüggen, Christoph von Dohnany, Seiji Ozawa, Bernard Haitink, E.P. Salonen, Sakari Oramo, Wolfgang Sawallisch con quen interpretou o Concerto de Mozart no Teatro dos Campos Eliseos de París.

Vicenç Prats foi o primeiro frautista español en entrar no Conservatorio Nacional Superior de Música de París e en obter, por unanimidade do tribunal, o Primeiro premio de frauta e música de cámara, sendo os sesus profesores Michel Debost, Jean Pierre Rampal, Christian Lardé e Alain Marion.

Obtivo premios nos concursos internacionais de Kobe (Japon) e Barcelona. Tocou con formacións de alto nivel como son a Orquestra Franz Listz de Budapest, a Orquestra de París, os Solistas de Zagreb, a Orquestra de cámara de Toulouse, a Orquestra Nacional do Capitolio de Toulouse (da que foi frauta solista durante 4 anos), a Orquestra de Cámara de l'Emporda, The Guildhall Strings Ensemble, a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Orquestra Sinfónica del Vallés.

Paralelamente a súa actividade orquestral, Vicenç Prats desenvolve unha gran labor camerística (é fundador e membro de varios grupos en

París) e pedagóxica, sendo invitado regularmente en EE UU, Xapón, Corea, Francia, Portugal, España, Italia, Suíza, Austria, Chequia, etc.

É membro da SuperWorld Orchestra (Xapón), profesor na Escola Superior de Musica de Catalunya e fundador da Orquestra de Fautas de Barcelona.

## **JORDI TORRENT** PIANO

Jordi Torrent mantén unha intensa actividade como pianista e mestre repertorista. Acompañou a frautistas como Kersten McCall, Sophie



Cherrier, Janos Bálint, Jean-Louis Beaumadier, Nicola Mazzanti, e Paco Varoch.

Foi pianista oficial en convencións de frauta en Estados Unidos (New Orleans 2013) Inglaterra (Warwick, 2014), Costa Rica, 2015, e España (Barcelona 2012, Sevilla 2014, Bilbao 2016 e Valencia 2018), ademais da convención de óboe e fagot en Granada 2018.

Como pianista de orquestra tocou coa Orquestra Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, a Orquestra Sinfónica do Gran Teatre do Liceu, a Orquestra Filharmónica de Helsinki, a Orquestra Filharmónica de Guangzhou, Camera Musicae, Kammar, Grup XXI.

Interesado na música contemporánea, colaborou con compositores como George Crumb, Lukas Foss, Chen Yi, Shulamit Ran, Jesús González, Benet Casablanca, Josep Maria Guix, etc.

Bolseiro da “La Caixa”, cursou un Máster de Piano e un Máster de Teoría da Música na Universidade de Indiana, Estados Unidos.

Actualmente, como especialista en repertorio de vento, traballa na Escola Superior de Música de Catalunya en Barcelona.



## **IRIA FOLGADO DOPICO** ÓBOE

Foi unha das máis destacadas dos Artistas Novos do programa YAP da primeira edición do Festival **Clasclas**.

Actualmente estuda óboe na Hochschule für Musik Hanns Eisler Berlin co profesor Dominik Wollenweber, para o que recibiu unha bolsa de diversas entidades como a Deputación da Coruña, a Fundación Alexander von Humboldt e a Bolsa Musical Excellence da OSG.

En 2012, gañou o 2º Premio e en 2013 gañou o 3º Premio no Concurso Nacional de Interpretación “Intercentros Melómano” en

Madrid. Outros premios inclúen o David Russell Honorary Award en Vigo en 2012 e o 3º premio no XI Certame de Novos Intérpretes José Valcárcel na Estrada, Pontevedra.

Participou na Gustav Mahler Jugendorchester, na Orquestra de Vento da Mocidade da Unión Europea (EUJWO), na Orquestra Filharmónica da Mocidade Alemá, na Orquestra Sinfónica Xove de Galicia, na Orquestra Vigo 430, na Banda de Música de Ferrol e na Orquestra Gaos.

Colaborou tamén en orquestras como a Orquestra Sinfónica de Galicia, na Orquestra de Cámara da OSG, na Orquestra de Cámara Solista Hulencourt en Bruxelas, na Filharmónica de Stuttgart e na Spira Mirabilis de Italia.

Participou en festivais como o Zermatt Festival Academy, Gustav Mahler Academy Foundation, NJO Summer Academy, Moritzburg Festival Academy e Music Encounter e Academy of Santander.

## **DANA BARAK** CLARINETE

Foi unha das máis destacadas dos Artistas Novos do programa YAP da primeira edición do Festival **Clasclas**.

A clarinetista israelí Dana Barak vive en Frankfurt, onde recentemente foi convidada a partici-



par no International Ensemble Modern Academy.

Dana Barak gañou premios e bolsas dos Sparda Classic Awards, do DAAD Stipendium, Deutschland e do Eidgenössische Stipendium der Schweizer Konföderation, entre outros.

Actuou como solista na Orquestra de Cámara Israelí, na Orquestra Israel Stage, na Philharmonie Rhein-Neckar de Jungen e no Bruchsaler Barockensemble, entre outros.

Estudou clarinete co profesor Wolfgang Meyer e co profesor Jörg Widmann, Música de Cámara coa profesora Angelika Merkle e participou en clases maxistras con Sabine Meyer, Antony Pay, Guy Deplus, Sharon Kam, Philippe Couper, Hakan Rosengren, Eli Eban e Lorenzo Coppola.



## **DARIA KAMENEVA**

### PIANO

Foi unha das máis destacadas dos Artistas Novos do programa YAP da primeira edición do Festival **Clasclas**.

Gañou o 2º premio e o Premio de Música de Cámara no IV Concurso Internacional de Piano en Almaty (2008).

En 2011, Daria Kameneva gañou o 1º premio e o Premio do Público no Concurso Europeo de Piano en Francia, o que finalmente conduciu á produción dun CD en 2012.

En 2014, Daria gañou o 2º premio no

2º Concurso Internacional de Piano Chopin de Australia en Canberra e o 2º premio no Concurso “Chopin Golden Ring” (Eslovenia).

O repertorio de Daria inclúe obras que van desde Bach ata a música do século XXI.

Ofrece recitais nas máis importantes salas de concerto en Moscú e outras cidades de Rusia. Tamén ofrece programas de música de cámara e de solista en outros países como son: Bélxica, China, Francia, Alemaña, Italia, Xapón, Kazajstán, Letonia, Lituania, República de Bielorrusia, Suecia, Ucraína e España.

## **YE-EUN CHOI**

### VIOLÍN

A violinista Ye-Eun Choi defínese polo seu son dinámico, pola súa sensibilidade, polos seus matices e polos timbres vibrantes que lle arrinca ao violín. O seu colorido e expresivo lirismo, xunto co seu virtuosismo, sérvenlle para ser recoñecida tanto como solista, como intérprete de música de cámara.

Foi descuberta e asesorada por Anne-Sophie Mutter aos 16 anos en 2005. A Sra. Mutter dixo

entón: “Ela é unha intérprete que busca a máxima expresión, que ten un son distinguido e recoñecible e que desprende unha excelente sensación instintiva pola música. Este é precisamente o que se lle require a un solista: alguén que non só interpreta unha obra, senón que a fai súa. Ela sitúase entre os máis talentosos violinistas”.

Na pasada tempada 2017/2018, Ye-Eun Choi interpretou o Concierto para violín n.º 1 en sol menor, op. 26, de Max Bruch baixo a batuta de Mariss Janson e as orquestras da Radio Bávara e a Musikhochschule Munich. Tamén interpretou este mesmo concerto coa American Dream Orchestra e a orquestra do North Wales



International Music Festival.

Tamén foi invitada pola Orquestra Filharmónica de Seúl para participar nun concerto durante o día Nacional de Corea. No presente outono participará no Festival da Concordia de Kazan para realizar a *Metamorfosis* de K. Penderecki, quen dirixirá a orquestra. Tamén tocará cos Mutter's Virtuosi na presente tempada.

Da faceta interpretativa desta violinista débese destacar, ademais do xa mencionado, as xiras internacionais coa Radio Philharmonic Orchestra de Hannover, coa Filharmónica de Rotterdam, coa Filharmónica Checa e coa Orquestra Sinfónica de Múnic, entre outras. Tamén foi invitada a actuar no concerto de aniversario do Festival de Verbier e deu recitais en Alemaña e Norteamérica.

Xunto a Anne-Sophie Mutter e outros bolseiros da Fundación Anne-Sophie Mutter, estivo de xira por toda Norteamérica e Europa, onde actuou en cidades como Luxemburgo, Copenhague, Bucarest, Madrid, Munich e Wiesbaden.

Desde o seu debut na Filharmónica de Nova York, baixo a batuta de Alan Gilbert en 2009, Ye-Eun Choi, actuou co Orquestra Sinfónica de San Francisco, dirixida por Michael Tilson Thomas, coa Orquestra Sinfónica de Tchaikovsky da Radio

de Moscú, baixo a batuta de Vladimir Fedoseyev, ademais das orquestras máis representativas de Europa e Asia, como son, ente outras, a Orquesta Sinfónica de radio de Berlín, a Orchestre National du Capitole de Toulouse, a Orquesta Sinfónica de Múnic, a Orquesta Filharmónica de Stuttgart, a Orquesta Sinfónica de Tokio e a Orquesta Sinfónica de Shanghai.

Entre os premios acadados, Ye-Eun Choi, foi nomeada en 2007 “Rising Star” pola League of American Orchestras e pola “Young Artist” dos premios European Cultural en 2013.

O seu primeiro disco foi gravado pola Deutsche Grammophon en 2013, con obras de Mendelssohn, Schubert e Prokofiev.

Ye-Eun Choi nace en Seúl. Debutou aos 10 anos coa Orquesta Filharmónica de Seúl. En 2004 trasladouse a Munich, onde reside actualmente, para estudar con Ana Chumachenko na Hochschule für Musik und Theater.

Toca un violín de J.B. Guadagnini, Parma c. 1765.



## **SUSANA GÓMEZ VÁZQUEZ** PIANO

Despois de graduarse coas máis altas cualificacións na Royal Academy of Music, como bolseira de Hamish Milne e Patsy Toh, actualmente estuda con Josep Colom.

Recibiu clases maxistras de mestres como son, entre outros, Fou Ts'ong, Cristina Ortiz, K. Weiss, P. Devoyon, Menahem Pressler e Elza Kolodin.

Gañou o primeiro premio no Concurso Musical Xuvenil de España 2016, no Intercentros-Madrid (VII e VIII edición), no concurso internacional

de Ciutat de Carlet, no concurso Iris Dyer da Real Academia de Música e no Premio European Union of Music Competitions for Youth (EMCY) entre outros.

Realiza recitais en toda Europa, en lugares como o Auditorio Nacional de Música, o Wigmore Hall, o Saint Martin in The Fields, o Bremen Sendesaal, a Purcell Room (Southbank Centre), a sala de concertos Fazioli, etc.

Realizou gravacións de música para Radio 3 da BBC e estreou as súas composicións no Wigmore Hall, no Queen Elisabeth Hall, na Royal Academy of Music e o UAH Auditorium. Actualmente Susana completa a súa formación artística realizando un Master en Colonia (Alemania)

Susana foi unha das máis destacadas Xoves Artistas do programa YAP da primeira edición do Festival **Clasclas**.



DENIS KOZHUKHIN



TRIO ISIMSIZ



LEONOR BONILLA / CARLOS ARAGON



URI WISSNER-LEVY / MIN PUO LEE



VICENÇ PRATS / JORDI TORRENT



DANA BARAK / RITA FOLDAGI / DARIA KAMENEVA



YE EUN CHOI / SUSANA GÓMEZ

Organiza



Colaboran

Concello de  
Vilagarcía



de Arousa



Conservatorio Profesional  
de Música

